

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac130338337238956292.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 64/2024

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA TC 64-2024, PARA
MODIFICACIÓN DO ANEXO DO PLAN DE INVESTIMENTOS DO EXERCICIO 2024 CO
OBJECTO DA TRAMITACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DE
ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO URBÁN ENTRE AS RÚAS CIDADE DE VIVEIRO
E FREI PLÁCIDO REI LEMOS .

Vista solicitude do servizo de Infraestruturas Urbanas, asinada polo seu xefe de servizo, Pablo Fuentes Failde o 22.11.2024, coa conformidade do responsable da área xestora, o Concelleiro delegado de Infraestruturas urbanas, Alexandre Penas Roibás, de solicitude de tramitación de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito, aos efectos de darlle cobertura económica ao Proxecto Modificado da obra de "ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO URBANO ENTRE AS RÚAS CIDADE DE VIVEIRO E FREI PLÁCIDO-REI LEMOS)

Visto informe da Intervención Xeral Municipal Ref.: 1727/2024, do 28.11.2024, de carácter favorable.

Vistos igualmente os documentos contables RCMOD obrantes no expediente

Tendo en conta que as alteracións propostas non supoñen unha modificación orzamentaria de competencia plenaria, tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento que establece que:

*"A determinación específica dos citados proxectos e o seu financiamento virá establecida no Anexo de investimentos, con especificación do investimento que se realizará e o recurso que o financia. As alteracións no Anexo de investimentos deberán ser aprobadas polo Pleno da corporación cos mesmos requisitos que a aprobación do orzamento, **sempre que esas alteracións esixan modificacións orzamentarias de competencia plenaria**. Aos efectos do disposto neste parágrafo, non se entenderá como alteración do Anexo de investimentos a modificación da fonte de financiamento de cada proxecto específico como consecuencia da aparición de recursos financeiros propios derivados do remanente de tesourería ou do alleamento de investimentos, para o que será suficiente a acreditación de tales recursos e a súa aprobación por decreto da Alcaldía."*

Tendo en conta á súa vez que a base 14ª das de execución do Orzamento Xeral atribúe a competencia para a aprobación dos expedientes de transferencia de crédito á Alcaldía, coa excepción dos que afecten a distintas áreas de gasto e non afecten a créditos de persoal (en aumento e diminución)

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía,

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac130338337238956292.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 64/2024

en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos vía transferencia entre aplicacións da mesma área de gasto e a alteración do plan de investimentos do exercicio 2024 por un importe global de 142.182,54 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN</u> <u>ORZAMENTARIAS</u> <u>QUE CEDEN</u> <u>CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN</u> <u>ORZAMENTARIAS QUE</u> <u>INCREMENTAN</u> <u>CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
15100.60900 15300.60900 15300.61900 15300.61900 15300.61900	24XX00006 24XX00008 24XX00011 24XX00013 24XX00014	14.338,45 € 9.646,00 € 79.343,62 € 28,00 € 38.826,47 €	15300.61900	24XX00010	142.182,54 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO		142.182,54 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		142.182,54 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.